



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xuño 2019**

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño do ano 2019 acadou a cifra de 1.025.193 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de maio de 2019 de 6.787 afiliacións (0,67%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.517.697, rexistrando un aumento do 0,39% con respecto ao pasado mes de maio.

Na comparativa interanual (xuño de 2019 con xuño de 2018) obsérvase un incremento de 18.694 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,86%), e un incremento do 2,69% (510.707 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2019, rexístrase un aumento das afiliacións en quince comunidades autónomas, destacando principalmente Illes Balears (4,15%); mentres que en Andalucía (-1,05%) e Murcia (-0,34%) descenden. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Madrid, Comunitat Valenciana e Murcia (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias, Castilla y León, Cantabria, Galicia e La Rioja (todas elas con taxas inferiores ao 2,0%).


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.517.697</b>	<b>75.584</b>	<b>0,39</b>	<b>510.707</b>	<b>2,69</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.025.193</b>	<b>6.787</b>	<b>0,67</b>	<b>18.694</b>	<b>1,86</b>
Andalucía	3.152.391	-33.321	-1,05	88.681	2,89
Aragón	589.696	6.851	1,18	13.776	2,39
Asturias	368.272	1.351	0,37	4.237	1,16
Illes Balears	580.595	23.126	4,15	11.906	2,09
Canarias	810.839	1.195	0,15	19.546	2,47
Cantabria	220.481	2.294	1,05	3.793	1,75
Castilla La Mancha	714.916	10.731	1,52	20.644	2,97
Castilla y León	929.356	7.706	0,84	12.795	1,40
Cataluña	3.508.443	28.596	0,82	81.967	2,39
Comunitat Valenciana	1.923.368	3.947	0,21	62.941	3,38
Extremadura	404.845	4.124	1,03	9.298	2,35
Madrid	3.244.665	9.838	0,30	111.279	3,55
Murcia	602.673	-2.081	-0,34	18.812	3,22
Navarra	289.210	83	0,03	7.145	2,53
País Vasco	973.417	4.130	0,43	19.634	2,06
La Rioja	131.447	95	0,07	2.515	1,95
Ceuta e Melilla	47.892	132	0,28	3.048	6,80

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de maio de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,28%, o que supón 9.795 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,98%), Lugo (1,32%) e, xa en menor medida, Ourense (0,29%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,67%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose os maiores aumentos en Pontevedra (1,13%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	438.533	1.249	0,29	9.795	2,28
LUGO	124.019	777	0,63	1.611	1,32
OURENSE	103.326	745	0,73	299	0,29
PONTEVEDRA	359.315	4.016	1,13	6.989	1,98
<b>GALICIA</b>	<b>1.025.193</b>	<b>6.787</b>	<b>0,67</b>	<b>18.694</b>	<b>1,86</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.517.697</b>	<b>75.584</b>	<b>0,39</b>	<b>510.707</b>	<b>2,69</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en xuño de 2019, medraron un 0,78% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,84%. En España estas taxas foron do 0,40% con respecto a maio de 2019 e do 3,18% en relación ao mes de xuño de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,2%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,37%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2019, todas as provincias (agás Lugo) rexistran taxas positivas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,22%. As taxas nacionais para este réxime presentan un aumento con respecto a maio de 2019 (0,27%) e tamén con respecto a xuño de 2018 (0,40%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2018 todas as provincias amosan taxas negativas destacando principalmente A Coruña (-2,42%). A taxa galega sitúase entón no -1,19%, inferior á de España (0,28%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a maio de 2019) o maior descenso corresponde a Lugo (-2,28%) e o maior aumento a Pontevedra (1,60%). A taxa galega amosa un aumento do 0,84% con respecto a maio de 2019. A taxa nacional é do 3,04%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XUÑO 2019	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	438.533	0,29	2,28
LUGO	124.019	0,63	1,32
OURENSE	103.326	0,73	0,29
PONTEVEDRA	359.315	1,13	1,98
GALICIA	1.025.193	0,67	1,86
ESPAÑA	19.517.697	0,39	2,69
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	347.047	0,32	3,17
LUGO	88.347	0,93	3,05
OURENSE	79.444	0,91	1,78
PONTEVEDRA	278.266	1,28	2,66
GALICIA	793.104	0,78	2,84
ESPAÑA	16.162.452	0,40	3,18
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	85.877	0,17	-0,84
LUGO	34.173	-0,01	-2,82
OURENSE	23.882	0,12	-4,36
PONTEVEDRA	67.412	0,42	-0,19
GALICIA	211.344	0,22	-1,37
ESPAÑA	3.286.600	0,27	0,40
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.609	-0,14	-2,42
LUGO	1.499	-2,28	-0,60
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.637	1,60	-0,74
GALICIA	20.745	0,84	-1,19
ESPAÑA	67.269	3,04	0,28

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>